

FOCO GALICIA DANZA

na

QUINZENA
DE
DANÇA
DE
ALMADA
INTERNATIONAL DANCE FESTIVAL



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE . ÍNDICE .

01. O PROXECTO

02. A CONVOCATORIA

03. A INSCRICIÓN



CONTEXTUALIZACIÓN

O **Foco Galicia Danza** nace como unha iniciativa da **Xunta de Galicia**, a través da **Axencia Galega das Industrias Culturais**, para impulsar a proxección interior e exterior da danza producida no país. Consiste en ofrecer un programa de actividades, en eventos estratéxicos para o sector, que creen pontes con outros territorios e contextos.

Portugal e os países de fala lusófona, con quen Galicia comparte raíces culturais, linguísticas e tradicións, son áreas prioritarias na acción exterior do Goberno galego, como mercados naturais para as artes escénicas. A **Quinzena de Dança de Almada** é un dos festivais de referencia en Portugal e Europa no ámbito da danza contemporánea.

Neste sentido, o Foco Galicia Danza que terá lugar do **1 ao 4 de outubro** no marco da **Quinzena de Dança de Almada**, busca ofrecer unha plataforma de exhibición, diálogo e intercambio para creadores e creadoras e compañías galegas, promovendo a súa visibilidade ante profesionais internacionais, programadores e públicos diversos.

OBXECTIVOS

- **Fomentar o intercambio profesional** a través da participación nas actividades do festival (espectáculos, obradoiros, encontros...).
- **Reforzar as redes internacionais** das compañías galegas mediante a súa exposición nun contexto internacional.
- **Visibilizar** a identidade e creatividade contemporánea galega no ámbito internacional.
- **Apoiar a internacionalización** das compañías emerxentes e consolidadas.
- **Favorecer a creación de contextos** de encontro entre artistas de Galicia e profesionais doutros países.
- **Reforzar a cooperación institucional** entre Galicia e Portugal no ámbito das artes escénicas.
- **Promover a circulación** de espectáculos galegos por circuitos internacionais.
- **Recoller aprendizaxes e boas prácticas** para aplicar nas políticas de internacionalización da danza galega.

A QUEN NOS DIRIXIMOS

A convocatoria está dirixida a **compañías profesionais galegas de danza** que desenvolvan traballos escénicos contemporáneos ou en diálogo con outros estilos como as danzas urbanas, tradicionais ou híbridas, e contén cunha peza de **duración máxima de 20 minutos**.

QUE OFRECEMOS

- Realizar un **showcase** na **34ª edición da Quinzena de Danza de Almada nun dos días entre o 1 e o 4 de outubro de 2026**. Escollerase un **máximo de catro showcases** mediante unha convocatoria pública.
- **Caché por presentación artística.**
- **Aloxamento e manutención** cubertos durante os días do evento.
- **Acceso gratuíto ás actividades** paralelas do festival: espectáculos, talleres, encontros informais con profesionais, etc.
- **Apoio** loxístico e acompañamento durante a estada.
- Posibilidade de establecer **conexións con programadores e redes internacionais**.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección dos showcases realizarase por unha **comisión mixta** composta por representantes da **Quinzena de Almada** e da compañía galega **Colectivo Glovo**, con quen se coordina este programa, valorando:

- **Calidade artística e singularidade do traballo.**
- **Viabilidade técnica e adaptabilidade ao contexto da mostra.**
- **Potencial de internacionalización do proxecto.**
- **Diversidade de linguaxes e enfoques dentro da representación galega.**

RESOLUCIÓN

Os proxectos seleccionados para realizar os **showcases** comunicaranse ás compañías seleccionadas o **1 de xuño de 2026** publicándose tamén nos **canais oficiais da Axencia Galega das Industrias Culturais e de Colectivo Glovo**.

A INSCRIPCIÓN
03.
A INSCRIPCIÓN

FORMULARIO

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Dossier da peza e da compañía.
- Ligazón a vídeo completo da peza.
- Ficha técnica e necesidades mínimas de espazo.

ENVÍO

O prazo para enviar a documentación é desde o **12 ao 25 de maio de 2026** a través do **enlace ao formulario *online*** presente nas bases.
Non se aceptará ningunha outra forma de envío de proxectos.

PARTICIPACIÓN FÓRA DO SHOWCASE

As persoas ou compañías que se inscriban deberán indicar no formulario **se estarían interesadas en asistir ao Foco Galicia Danza na Quinzena de Almada aínda que non resulten seleccionadas para o *showcase*.**

Neste caso, a súa participación limitaríase ás actividades profesionais (encontros, obradoiros, espectáculos, etc.), e os **gastos de desprazamento, aloxamento e manutención correrán pola súa conta.**



FOCO GALICIA DANZA

DÚBIDAS?

Podes escribirnos a formacion.ccg@xunta.gal e a colectivoglovo@gmail.com

ORGANIZADORES
ORGANIZADORES



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027

G L O V O
colectivo en danza
www.colectivoglovo.com

QUINZENA
DE DANÇA
DE ALMADA
INTERNATIONAL DANCE FESTIVAL